



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O  
DÍA VINTE E CATRO DE NOVEMBRO DO DOUS MIL OITO.**

**ASISTENTES:**

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. Melchor Roel Rivas

**CONCELLEIROS:**

D<sup>a</sup>. María Loureiro García, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isabel Rodríguez López, D. Rafael Luis Fernández Amor, D<sup>a</sup>. Olga María Méndez Carro, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D<sup>a</sup>. María Concepción Torral Romero, D. Vicente Hermida Rodríguez, D. Guillermo Leal Arias, D<sup>a</sup>. Raquel Atadell Giz, D. Jesús Fernández Fernández, D. Celestino V. García Paz, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Carmen Gueimunde González, D<sup>a</sup>. Vanesa Rego Martínez, D. Juan José Pardo Gato, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño.

**SECRETARÍA**

D<sup>a</sup>. Sara Martínez Álvarez

**EXCUSA A SÚA ASISTENCIA**

D. Fidel García Martul

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do vinte e catro de novembro do dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, D<sup>a</sup>. Sara Martínez Álvarez, celébrase a sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde declárase aberto o mesmo.

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 30 DE OUTUBRO DE 2008.**

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas pregúntase os señores concelleiros se teñen algunha observación que facer á aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o día 30 de outubro, e polo concelleiro do B.N.G., D. José Antonio Goás Basanta sinalase que na páxina 5, parágrafo 4º do punto número 4, onde di: "...diciendo que se vai a abster polos motivos expostos polo Voceiro do PP", ten que dicir: "... diciendo que se vai a abster polos motivos expostos na sesión da Comisión Informativa".

Non habendo outras observacións, aprobase por unanimidade a dita acta.

**2º.- APROBACIÓN DO ACORDO MARCO PARA O PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE VIVEIRO.**

Polo Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, indícase que o seu Grupo vai votar a favor deste Acordo Marco para o persoal funcionario, posto que hai un acordo asinado por todos os sindicatos.



A continuación o Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias di que o seu Grupo vai a absterse por congruencia co manifestado noutras sesións sobre asuntos similares, porque, aínda que se atopen de acordo coa suba de salarios, non poden esquecer que visto os informes de Intervención e da Secretaría municipal hai condicionantes que non poden obviar.

O concelleiro do B.N.G., D. José Antonio Goás Basanta manifesta que, aínda que existe un acordo unánime de todas as forzas sindicais que lle parece importante, por unha cuestión de forma, xa que constan os informes emitidos, se vai a abster.

Polo concelleiro de I.U.-E.U., D. Orlando Expósito Mariño expone que se aprobou una RPT, pero que se presentou un recurso por dúas persoas, e o Sr. Alcalde como advertira que si se presentaba algún recurso se suspendería a aplicación desa Relación, e polo que pregunta: ¿En qué situación se atopa ese Contencioso? ¿E se hai outro recurso contra este Convenio? ¿Contémplase esa posibilidade?. A seguir di que formula estas preguntas porque hai xente nunha situación moi delicada. Seguidamente indica que hai outro feito que non sabe se se vai ter en conta, xa que afirma que últimamente houbo deixadez de funcións, e quer saber se vai servir isto.

O Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas en contestación sinala que unha cousa é a RPT e outra o Convenio. Que había funcionarios que querían saber cal era a súa función, aínda que dende o ano 1990, que había un compromiso de redactar a RPT, pero non sabían cómo cobraban, pois non tiñan segundo eles as súas funcións. Puntualiza que con subas de 6.000 euros e 3.000 euros, recorreron a RPT. Que técnicamente a RPT sigue suspendida. Que non obstante, en base ao Estatuto do Empregado Público, e o Estatuto dos Traballadores, é polo que se propón este novo Convenio, facendo fincapé en que non existe outro texto na provincia que recoñeza máis dereitos que o presente. Que non hai que facer unha aportación económica a maiores nos orzamentos municipais. Que se celebrou una Mesa Xeral de Negociación, integrada polos catro sindicatos con máis representatividade, que se atopan de acordo co Convenio. Que no acordo figuran unhas tablas salariais e se adaptan os grupos profesionais á nova lexislación. Que contou coa axuda do Departamento de Recursos Humanos da Deputación. Que os dereitos teñen carácter de 1 de xaneiro de 2008. Que si se quere impugnar para votar abaixo a tabla salarial, terase que indicar a regulación que se incumpre, ou negar a capacidade legal dos firmantes. Que poderían asinar un solo Convenio para todo o persoal, funcionario e laboral, pero hai sentencias que indican que non poder ser o mesmo instrumento. Que hai un cambio nas vacantes da RPT, pois se suprime unha vacante da Auxiliar de Administración Xeral, por unha de Administración de Administración Xeral.

Polo concelleiro de I.U.-E.U., Sr. Expósito Mariño, pregúntase en qué inflúe que este Convenio entre en vigor coa data de 1 de xaneiro de 2008.

O Sr. Alcalde resposta que si a RPT é anulada, ou estimado o recurso interposto ante o TSXG, ao ter este Convenio aprobado solventaríase o problema.

Procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación, por maioría de nove votos a favor (PS de G-PSOE e I.U.-E.U), e oito abstencións (PP e B.N.G.), acorda:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o Acordo Marco para o persoal funcionario do Concello de Viveiro, e os seus Anexos I e II, segundo o texto asinado polo Alcalde-presidente do Concello e os sindicatos: UGT, CCOO, CSI-CSIF e CIG, na data do 19 de novembro de 2008.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo á Delegada de Persoal, así como ao Departamento de Persoal municipal para a tramitación legal que é preceptiva cara á súa plena efectividade.



**3º.- APROBACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIVEIRO.**

Polo Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, indícase que o seu Grupo vai votar a favor deste Convenio, posto que hai un acordo asinado por todos os sindicatos do Comité de Empresa.

Seguidamente o Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias di que o seu Grupo vai a absterse polos mesmos motivos expostos no punto anterior.

O concelleiro do B.N.G., D. José Antonio Goás Basanta manifesta que se vai a abster polos motivos sinalados na súa intervención do asunto anterior.

Polo concelleiro de I.U.-E.U., D. Orlando Expósito Mariño maniféstase que as razóns e a intención de voto son os mesmos que as do punto anterior.

O Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas engade ao manifestado no anterior acordo lembrando que existe un acordo plenario do ano 1992, no que se equiparaba salarialmente ao persoal funcionario e laboral.

Procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación, por maioría de nove votos a favor (PS de G-PSOE e I.U.-E.U), e oito abstencións (PP e B.N.G.), acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o Convenio Colectivo do Persoal Laboral ao servizo do Concello de Viveiro, e os seus Anexos I e II, segundo o texto asinado polo Alcalde-presidente do Concello e polo Presidente e membros do Comité de Empresa, na data de 12 de novembro de 2008.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao Comité de Empresa, así como ao Departamento de Persoal municipal para a tramitación legal que é preceptiva cara á súa plena efectividade.

**4º.- PROPOSTA DE DENOMINACIÓN DE NOVAS RÚAS EN COVAS.**

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas expónse que a Tenente de Alcalde, D<sup>a</sup> María Isabel Rodríguez López vai a estar ausente do municipio por unha viaxe a Perú, dentro dunha actividade da súa Delegación con ese pobo, ata o 4 de decembro, polo que non houbo tempo suficiente para elaborar unha proposta e reunir aos representantes dos diferentes Grupos e Partidos da Corporación para concretar propostas de denominación das novas rúas.

Propoñendo a seguir que, con posterioridade á data do retorno de dita Tenente de Alcalde, se celebre unha Comisión Informativa que dictamine o asunto, deixándoo sobre a Mesa, ata unha nova sesión.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade dos sesus membros (dezasete), acorda deixar o asunto sobre a Mesa.

Dése traslado deste asunto á funcionaria encargada de Estatística, e á persoa que ten delegada a Secretaría da Comisión Informativa de Benestar Social, D. Javier Balseiro Fernández.



**5º.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE DÉBEDA.**

Polo concelleiro delegado de Economía e Facenda, D. Rafael Luis Fernández Amor, indícase que a Comisión Informativa de Economía e Facenda, celebrada na presente data, dictaminou o asunto favorablemente, coa abstención do PP e do B.N.G.; resumindo a seguir o contido da proposta da súa Concellería. Igualmente manifesta que no expediente obra o informe de Intervención.

Polo voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, expónse que o informe de Intervención é demoledor nas súas advertencias, lembrando que na derradeira sesión plenaria na que se aprobaron as Ordenanzas Fiscais, díxose que non se ían incrementar os ingresos, e agora observan que se están a propoñer gastos por importe de 800.000 euros, correspondentes a facturas do ano 2007, e ao seu Grupo chámalles clamorosamente a atención que no informe de Intervención non hai mención dese extremo. Que non entende que facturas do ano 2007 se son ilegais, se non cumpren, porque se volve a caer no exercicio presupostario seguinte no mesmo. Dí que se vai a provocar ás empresas problemas a efectos fiscais, pois se lles imputan custos a un exercicio que non corresponde, xa que o Interventor non aclara se esas empresas van a cobrar ou non no ano 2008, e se este gasto pódese facer ou non. Continúa dicindo que non quere mencioar nomes de empresas, pero dí que lle chaman a atención a factura por importe de 19.000 euros en acuarelas, e se pregunta se o Vicepresidente da Deputación quere estender o Museo Provincial a Viveiro, xa que agora teñen eses cadros para exhibir.

Polo concelleiro do B.N.G., D. José Antonio Goás Basanta indícase que se vai a abster na mesma liña que argumentou na Comisión Informativa de Facenda.

En contestación o Sr. Alcalde-presidente, D.Melchor Roel Rivas expón:

Que agradece ao concelleiro de I.U.-E.U., D. Orlando Expósito Mariño o voto favorable, pois serve para que as empresas poidan cobrar.

En relación ao mencionado polo voceiro do PP, Sr. Leal Arias, indica que as acuarelas son do ano 2006, que se trata dunha oferta do ámbito da Semana Santa, que no se puido pagar no ano 2007. Que é un ofrecemento que se aceptou por tratarse das mesmas acuarelas que figuran no libro de Bagoas da Terra.

Que en canto ás citas dos informes do Interventor, indica que hoxe non asiste ao Pleno polo que non pode falar no seu lugar.

Neste intre o concelleiro delegado de Facenda, Sr. Fernández Amor solicita intervir, o que fai para insistir na petición de voto favorable á proposta, xa que considera que as razóns son convincentes.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por maioría absoluta de nove votos a favor (PS de G-PSOE e I.U.-E.U.) e oito abstencións (PP e B.N.G.), acorda aprobar o recoñecemento extrajudicial de débeda que figura no expediente que di:



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

220080012891 22008003286	ADO 48/07	24/11/2008	2008 123 601 GASTOS DE INVERSION DE EX. ANTERIORES .RECOÑECIMENTO EXTRAXU	2.317,01 2.317,01	B27204510 / BELFOGA, S.L. FRA. 48/07 INSTALACION DE CALEFACCION EN LOCALES DE LA UNED (SAN FRANCISCO)
220080012892 22008003287	ADO 59/07	24/11/2008	2008 123 601 GASTOS DE INVERSION DE EX. ANTERIORES .RECOÑECIMENTO EXTRAXU	5.726,33 5.726,33	B27204510 / BELFOGA, S.L. FRA. 59/07 INSTALACION DE ALUMEADO PUBLICO EN OS MELEIROS, PALLAREGAS COVAS
220080012893 22008003288	ADO 61/07	24/11/2008	2008 123 601 GASTOS DE INVERSION DE EX. ANTERIORES .RECOÑECIMENTO EXTRAXU	5.786,01 5.786,01	B27204510 / BELFOGA, S.L. FRA. 61/07 INSTALACION DE PUNTOS DE LUZ EN GUISTILAN, LANDROVE
220080012894 22008003289	ADO 85/07	24/11/2008	2008 123 601 GASTOS DE INVERSION DE EX. ANTERIORES .RECOÑECIMENTO EXTRAXU	5.591,81 5.591,81	B27204510 / BELFOGA, S.L. FRA. 85/07 INSTALACION DE ALUMEADO PUBLICO EN LAVANDEIRAS, VIEIRO
220080012895 22008003290	ADO 86/07	24/11/2008	2008 123 601 GASTOS DE INVERSION DE EX. ANTERIORES .RECOÑECIMENTO EXTRAXU	4.752,20 4.752,20	B27204510 / BELFOGA, S.L. FRA 86/07 INSTALACION DE ALUMEADO PUBLICO EN O AREAL, VIEIRO
220080012896 22008003291	ADO 87/07	24/11/2008	2008 123 601 GASTOS DE INVERSION DE EX. ANTERIORES .RECOÑECIMENTO EXTRAXU	5.607,28 5.607,28	B27204510 / BELFOGA, S.L. FRA 87/07 INSTALACION DE ALUMEADO PUBLICO EN CABANA DE ARRIBA, VIEIRO
220080012897 22008003292	ADO 90/07	24/11/2008	2008 123 601 GASTOS DE INVERSION DE EX. ANTERIORES .RECOÑECIMENTO EXTRAXU	4.932,53 4.932,53	B27204510 / BELFOGA, S.L. FRA. 90/07 OBRA: 50% INSTALACION DE ALUMEADO PUBLICO EN GUISTILAN E BARRALLA GALDO
220080012898 22008003293	ADO 91/07	24/11/2008	2008 123 601 GASTOS DE INVERSION DE EX. ANTERIORES .RECOÑECIMENTO EXTRAXU	4.507,16 4.507,16	B27204510 / BELFOGA, S.L. FRA. 91/07 OBRA: 50% INSTALACION DE ALUMEADO PUBLICO EN DIVERSOS LUGARES DE GALDO
220080012899 22008003294	ADO 91/07	24/11/2008	2008 123 601 GASTOS DE INVERSION DE EX. ANTERIORES .RECOÑECIMENTO EXTRAXU	4.965,65 4.965,65	B27204510 / BELFOGA, S.L. FRA. 92/07 OBRA: 50% INSTALACION DE ALUMEADO PUBLICO EN VILAR DE ARRIBA E VILAR DE ABAIXO GALDO
220080012900 22008003295	ADO 023/2007	24/11/2008	2008 123 601 GASTOS DE INVERSION DE EX. ANTERIORES .RECOÑECIMENTO	18.391,99 18.391,99	B27160373 / DIEZ TRIGO S.L. FRA. 023/2007 OBRA: ENSANCHE, REBAIXE DE EXPLANADA E CONSTRUCCION DE MUROS PARA TERRAPLEN EN CAMIÑO STO.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

EXTRAXU				ALBITES	
220080012901 22008003296	ADO 024/2007	24/11/2008	2008 123 601 GASTOS DE INVERSION DE EX. ANTERIORES .RECOÑECEMENTO EXTRAXU	17.843,20 17.843,20	B27160373 / DIEZ TRIGO S.L. FRA. 024/2007 OBRA: DEMOLICION PONTE E CONTRUCCION DE NOVA PONTE, AFIRMADO CAMIÑO ACCESO E PERIFERIA RIO
220080012902 22008003297	ADO 0B05/2007	24/11/2008	2008 123 601 GASTOS DE INVERSION DE EX. ANTERIORES .RECOÑECEMENTO EXTRAXU	19.260,00 19.260,00	01072254V / FERNANDEZ MORENO, MARIA ISABEL FRA. 0B05/2007 80 ACUARELAS ENMARCADAS DO CONCELLO
220080012903 22008003298	ADO 070/2007	24/11/2008	2008 123 601 GASTOS DE INVERSION DE EX. ANTERIORES .RECOÑECEMENTO EXTRAXU	7.636,16 7.636,16	B27160373 / DIEZ TRIGO S.L. FRA070/2007 HORMIGONADO E AFIRMADO OBRA RUA MELEIROS ALVARELLE (COVAS)
220080012904 22008003299	ADO 085/2007	24/11/2008	2008 123 601 GASTOS DE INVERSION DE EX. ANTERIORES .RECOÑECEMENTO EXTRAXU	7.672,69 7.672,69	B27160373 / DIEZ TRIGO S.L. FRA.085/2007 REPARACION C/ACCESO A VIVENDAS EN ATALAYA Nº18,19,20 DIAS 18-19-20-21/12/2007
220080012905 22008003300	ADO 086/2007	24/11/2008	2008 123 601 GASTOS DE INVERSION DE EX. ANTERIORES .RECOÑECEMENTO EXTRAXU	5.478,75 5.478,75	B27160373 / DIEZ TRIGO S.L. FRA.086/2007 REP/ARACION C/ACCESO A VIVENDAS EN ATALAYA Nº26,27,28 DE DIAS 18-19-20-21/12/2007
220080012906 22008003301	ADO 087/2007	24/11/2008	2008 123 601 GASTOS DE INVERSION DE EX. ANTERIORES .RECOÑECEMENTO EXTRAXU	3.139,64 3.139,64	B27160373 / DIEZ TRIGO S.L. FRA.087/2007 REPARACION C/ACCESO A VIVENDAS EN ATALAYA Nº9,10,11 DE DIAS 18-19-20-21/12/2008
220080012907 22008003302	ADO 7.337	24/11/2008	2008 123 601 GASTOS DE INVERSION DE EX. ANTERIORES .RECOÑECEMENTO EXTRAXU	13.149,59 13.149,59	B15800907 / VILLASUSO ORTEGAL S.L. FRA.7.337 CERTIFICACION Nº2 E FINAL DE OBRA ACONDICIONAMENTO NAVIA-CASTRILLON (VIVEIRO)
220080012908 22008003303	ADO 7225	24/11/2008	2008 123 601 GASTOS DE INVERSION DE EX. ANTERIORES .RECOÑECEMENTO EXTRAXU	14.038,40 14.038,40	B15800907 / VILLASUSO ORTEGAL S.L. FRA.7225 OBRA:MELLORAS REALIZADAS NA AVENIDA NAVIA CASTRILLON-VIVEIRO
220080012909 22008003304	ADO 2	24/11/2008	2008 123 601 GASTOS DE INVERSION DE EX. ANTERIORES .RECOÑECEMENTO EXTRAXU	16.781,82 16.781,82	B27344274 / GENERAL DE OBRAS URBANAS SL FRA.2 ACTUACION EN VESTUARIOS PAVILLON POLIDEPORTIVO MUNICIPAL FASE III



---

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

---

220080012910 22008003305	ADO 3	24/11/2008	2008 123 601 GASTOS DE INVERSION DE EX. ANTERIORES .RECOÑECIMENTO EXTRAXU	21.297,60 B27344274 / GENERAL DE OBRAS URBANAS SL 21.297,60 FRA.3 MELLORAS REALIZADAS NO CENTRO SOCIO CULTURAL DE COVAS EN 2007
220080012911 22008003306	ADO A 41	24/11/2008	2008 123 601 GASTOS DE INVERSION DE EX. ANTERIORES .RECOÑECIMENTO EXTRAXU	5.779,19 B27185842 / HORACIO TALLERES METALICOS S.L. 5.779,19 FRA. A 41 SUMINISTRO E COLOCACION EN AVDA.FERROL DE BARANDILLA EN TUBO REDONDO ACEIRO INOXIDABLE PULIDO

---



Dáse traslado do presente acordo ao Interventor municipal, así como ao Técnico de Servizos Económicos.

**6º.- ASIGNACIÓN DE MUTUA PATRONAL E CONTRATACIÓN DE COMPAÑÍA PARA A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.**

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas expónse que o Goberno Bipartito instou un expediente de contratación por un ano prorrogable para cumprir coa normativa na materia.

Neste intre por Secretaría indícase ao Sr. Alcalde que non é unha materia competencia do Pleno da Corporación, senón da Alcaldía ou por Delegación da Xunta de Goberno, e que é preceptiva a tramitación de expediente de contratación axustada á normativa establecida na Lei de Contratos do sector público.

Polo concelleiro de I.U.-E.U., D. Orlando Expósito Mariño se solicita que este asunto se leve a unha Comisión Informativa de Economía e Facenda.

Polo que igualmente o Pleno acorda deixar o asunto sobre a Mesa.

**7º.- APROBACIÓN DOS ESTATUTOS PARA A INCORPORACIÓN DO CONCELLO DE VIVEIRO EN “VILLAS MARINERAS.**

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas lémbrese aos concelleiros que Viveiro pertence ao Club de Municipios de Excelencia Turística da España Verde, que está integrado por diversos concellos de Asturias, Cantabria e Galicia, e que dende fai tempo acude a reunións. Que acordaron crear un produto turístico denominado “Villas Marineras”, aproveitando as características comúns deste concellos. Sinala que a tal efecto o Concello ten que aprobar os Estatutos para a formalización da incorporación efectiva de Viveiro.

Finalmente fai saber que cre que o próximo ano a presentación corresponderalle ao Concello de Viveiro, e se programa realizala en Madrid, no Hotel Ritz.

Unicamente se produce unha intervención do voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias que se amosa a favor da proposta, xa que cren que todo o que sexa potenciar o turismo, redunda en beneficio de Viveiro e os seus veciños.

Procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda aprobar os Estatutos da Asociación “Villas Marineras”, integrada no Club de Municipios de Excelencia Turística de España Verde.

Comuníquese o presente acordo ao Club de Municipios de Excelencia Turística de España Verde.





**8º.- MOCIÓNS DO B.N.G., RELATIVAS A:**

**8.1.- AULA MUSEO “A POMBA”**

O Voceiro do B.N.G., D. José Antonio Goás Basanta fai un resumo do contido da Moción.

En contestación o Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas di que vai falar con Turviveiro, S.L., para facer as labores de mantemento da embarcación, aínda que recoñece que os antigos propietarios estiveron realizando cometidos dese carácter. Igualmente sinala que unha normativa de carácter estatal cortou a posibilidade de que dita embarcación navegue, polo que o eixe da dita embarcación atópase cortado, mencioando unha reunión levada a cabo con Pesca para que, unha vez aclarado o asunto, se poidera solicitar unha subvención.

Polo concelleiro do PP, D. Jesús Fernández Fernández maniféstase que lle parece moi ben o acordo da “Pomba”, polo que considera que é unha boa iniciativa, pero non entende como pode estar tanto tempo desa maneira, xa que a madeira se encharca e pode irse a pique. Que descoñece se hai algún seguro que cubra os posibles danos. Que queren saber as xestións do B.N.G., dende o 2002 ao ano 2007, e as do Goberno local, dende o 2007 en adiante.

O concelleiro do B.N.G., Sr. Goás Basanta indica que a embarcación consta na escritura pública outorgada polo Concello recentemente, e que antes dese trámite non se puido tomar outras iniciativas, pois non se atopaba formalizada a adquisición. Que agradece aos irmáns Pérez Candia as facilidades e adicación no asunto. Que anteriormente a Consellería tiña unha orde de subvencións, pero que agora é a propia Conselleira a que decide o asunto.

O concelleiro de I.U.-E.U., D. Orlando Expósito Mariño di que entende o agradecemento aos irmáns da “Pomba”, pero que houbo compromiso dalgunha institución pública para colaborar economicamente.

Polo Sr. Alcalde-presidente, indícase que a escritura formalizouse no presente ano. Que a axuda económica esixía a previa formalización. Que se ben e certo que os irmáns citados doaron o casco da embarcación, tamén é verdade que o Concello mercou a eses propietarios os mecanismos e o instrumental do barco.

Antes de proceder a efectuar a votación, o concelleiro delegado de Economía e Facenda, D. Rafael Luis Fernández Amor indica que non é certo que non se faga ningún tipo de mantemento da “Pomba”, como dí a Moción; xa que o mariñeiro de Turviveiro fai visitas de mantemento.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda aprobar a Moción do B.N.G. que textualmente di:

**“MOCION**

**Xustificación**

A embarcación *A Pomba* cedida ao Concello de Viveiro no ano 2005 atópase atracada desde hai anos no pantalán de servizo do Porto Deportivo de Viveiro.

No acordo para a cesión desta embarcación, no que este concelleiro participou no se día, trátase de destinala a “aula museo para o disfrute e coñecemento de todos os escolares de Viveiro e comarca, así como de todos os cidadáns e visitantes” (Xunta de Goberno do 5 de setembro de 2005).



Esta embarcación permanece amarrada sen que, desde aquelas datas, se teña feito algún tipo de mantemento (pintura exterior e interior, limpeza e acondicionamento).

Nada se sabe tampouco do destino final desta fermosa embarcación e de seguir así corre o perigo de se deteriorar gravemente.

Entendemos que hai que darlle un destino que faga útil este investimento que no seu día fixo o Concello. É por iso polo que este concelleiro propón que a Corporación Municipal

#### **ACORDE**

**1º.- Que a Alcaldía ordene facer os labores de mantemento necesarios na embarcación A Pomba para manter esta en condicións óptimas.**

**2º.- Que o Goberno Municipal programe actividades que cumpran os obxectivos marcados no seu día para aula museo, disfrute e coñecemento de escolares e en xeral de todos os veciños e veciñas e visitantes.”**

#### **8.2.- ADECENTAMENTO DO SOAR EXISTENTE ENTRE O EDIFICIO DE CORREOS E A R/LODEIRO.**

Polo voceiro do B.N.G., D. José Antonio Goás Basanta dáse conta da Moción do seu Grupo, que textualmente transcrita di:

#### **“MOCION**

##### Xustificación

O espazo existente entre o edificio de Correos e a rúa do Lodeiro, adscrito no INSS e que hai anos estaba destinado para construír nel o edificio destinado a Centro de Atención e Información de Seguridade Social (CAISS), atópase nun lamentábel estado, cheo de fochancas, o que fai que os vehículos que nel veñen aparcando teñan un difícil acceso. Ademáis, este espazo moi próximo ao casco histórico dá unha moi mala imaxe dun lugares públicos.

Como pasado xa moito tempo, nada se sabe da construción do edificio da Seguridade Social –nen aquí nen outro sitio- entendemos que este espazo non pode continuar neste estado de abandono, sendo como son necesarias prazas para aparcadeiros de vehículos próximos ao casco histórico.

É por iso polo que proponho que a Corporación Municipal

#### **ACORDE**

**1º.- Que a Alcaldía xestione as autorizacións necesarias para que este espazo, aínda que sexa de forma provisional, poda ser asfaltado e pintado co obxecto de establecer nel un aparcadeiro de vehículos.**

**2º.- Que con posterioridade a estas xestións se leven a cabo as obras para habilitar neste espazo un aparcadeiro de vehículos.”**



Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas en contestación manifestase o seguinte:

Que ese soar é o máis querido do Concello. Que se aprobou a desafectación do mesmo e é propiedade da Tesourería Xeral da Seguridade Social. Que ao non ser propiedade do Concello que este non o pode aglomerar. Que ademais hai que contestar un escrito dun Sudirector xeral da Tesourería que fai chegar dúas preguntas formuladas no Senado sobre o uso dese terreo como estacionamento de vehículos. Que por parte do Goberno municipal van a seguir insistindo ante o Ministro de Traballo para que o CAISS se constrúa onde pide o Alcalde de Viveiro. Que él considera que o Casco Histórico hai que rehabilitalo e habitalo, e o mencionado soar de Lodeiro pódese empregar para construír un estacionamento de vehículos de dúas prantas, pero que non o poden efectuar ata que a Tesourería Xeral da Seguridade Social non renuncie ao mesmo. Por todo iso pídelle ao responsable da Moción que a retire cunha transacción cara a que os voceiros e concelleiro da Corporación se reúnan co Subdelegado do Goberno para que se poida xestioar o uso deses terreos.

O voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias sinala que o seu Grupo diría que si a un adecentamento do soar citado, dunha maneira provisional, pero que gastar uns cartos para que non sexa algo definitivo sería como tirar o diñeiro. Que eles propuxeran un estacionamento no Porto de Viveiro.

O concelleiro de I.U.-E.U., D. Orlando Expósito Mariño di que se acolle á proposta do Alcalde, pero que de todas as maneiras considera que o que se fixo nese soar, con ou sen permiso, poderíase facer de mellor maneira, de modo que se conduxera a auga cunhas vertentes, e desta maneira, di, non se anegaría ese lugar.

Polo Sr. Alcalde lémbrese novamente que o Concello co estacionamento está de “ocupa”. Que se traballou e se fixo un gasto. Que cando veñen as choivas se deteriora. Que se está a gobernar a casa do veciño. Pero que como o dono da Moción é o B.N.G., insiste na súa proposta.

Polo concelleiro do B.N.G., Sr. Goás Basanta indícase que se mantén a Moción tal e como está presentada.

Procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación, por maioría de dezaséis votos en contra (PS de G-PSOE, PP e I.U.-E.U.), e un voto a favor (B.N.G.), acorda rexeitar a refirida Moción do B.N.G.

#### **9º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Polo Sr. Alcalde dáse conta dos Decretos asinados dende o último Pleno ordinario, os cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), acorda darse por informado dos Decretos da Alcaldía



10º.- **ROGOS E PREGUNTAS.**

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas indícase que non se presentaron Rogos e Preguntas coa antelación preceptiva, polo que non se trata este punto nesta Sesión.

E o Pleno da Corporación, acorda quedar informada.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinte e dúas horas, esténdendose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria, dou fe.